

# O BOSQUE ENCANTADO

Érase unha vez, unha nena chamada Daphne. Daphne vivía cos seus pais e os seus irmáns nunha pequena casa cerca da montaña. Cando volvía da escola, a Daphne encantáballes vir xogar á montaña. Divertíase moito correndo e reboicándose pola herba chea de flores. A nena era moi feliz naquel precioso lugar, pero desde pequena, sentíase intrigada por un bosque que había xusto ao lado da montaña. Os seus pais sempre lle decían que nunca entrase nese bosque porque era moi peligroso, pero sempre que Daphne preguntaba cal era a razón, cambiaban de tema.

Unha noite de Samaín, Daphne saliu á rúa a pedir caramelos. Co seu disfraz de bruxa e cun caldeiro de cristal, a pequena púxose a tocar en todas as portas gritando: “truco o trato!”, e cada vez, o caldeiro estaba máis cheo de golosiñas. Pero Daphne non tardou nada en recorrer todo o vecindario, xa que no lugar onde ela vivía, non había moita xente. Todavía era moi temprano, e non quería irse a casa sin chear o caldeiro enteiro. Nese momento, mirou para o bosque. E se detrás del había máis casas onde pedir caramelos? E se mamá e papá estaban equivocados e non era peligroso entrar nel? Eran moitas as preguntas que rondaban pola súa mente nese instante, pero despois de darlle varias voltas ao asunto, decidiu adentrarse naquel tenebroso bosque. Camiñou un bo rato, e o ceo comezaba a poñerse cada vez máis negro. Cando ao fin alcanzou o corazón do bosque, Daphne comezou a oír uns sons que se facían máis e máis fortes. De repente, viu unha sombra pasar por diante dela e sentiu coma se lle acariciasen a espalda. O primeiro que se lle ocorreu foi darse a volta e correr coma se non houbera un mañá. Seguía escoitando os sons, pero xa non lle importaban, tiña tanto medo que nin sequera se fixaba por onde andaba. Así foi como tropezou cunha rama dunha árbore e caeu ao chan, perdendo a consciencia.

Cando Daphne despertou, estaba rodeada polos seus pais e irmáns. Tiña un enorme pote na cabeza, ao parecer, ao tropezar coa rama daquela árbore, levou un bo golpe. Entón, os seus pais comezaron a contarlle a historia do bosque. Resulta que, hacía xa moitos anos, no medio do bosque, había unha casinha na que vivían dous irmáns, Xulia e Paolo. Xulia era unha nena moi mala. Gustáballes ver o sufrimento dos demais, e o seu irmán era idéntico a ela. Ademais, creíase a reina do bosque, e sentía que con tan só unha palmada podía controlar todas as árbores. Pero un día, a nena caeu enferma e morreu. Desde entón, dinse que o seu espírito controla todo o bosque, e que ás persoas que entran alí, sucédennles cousas raras, incluso houbo xente que desapareceu. Daphne quedou petrificada ao oír a historia. E pensar que hai tan só uns minutos estivo recorrendo ese bosque! E se houbera desaparecido? Menos mal que os seus pais a sacaron de alí antes de que pasara algo malo. Aquelo, serviulle a Daphne para recapacitar e darse conta de que hai que facerlle caso sempre aos pais, e non volver nunca a acercarse a ese bosque. Por suposto, tamén contoulle a historia aos seus irmáns, para que eles fixeran o mesmo.



**Amanda Rodríguez Macías 6°C**